

INFORMACIÓN XERAIS

A exposición biográfica sobre o mestre galeguista, escritor e político silledense está comisariada polo historiador e biógrafo, Bieito Alonso. Colaboraron no proceso de documentación e apoio moitas persoas relacionadas dalgún xeito coa figura de Alonso Ríos e 15 colectivos culturais, entre eles e da nosa zona: A Comisión pola Memoria "Ñor Afranio" e Adellís Asociación Socio-Cultural de Silleda.

Esta expo. enmárcase dentro dun proxecto moito máis ambicioso denominado "Roteiro do Afranio" para difundir a personalidade do primeiro Deputado agrarista da historia de Galiza. que recollerá unha web biobibliográfica sobre o autor; un roteiro desde Tui até a Serra da Peneda en Portugal, percorrido de Alonso Ríos desde o verán de 1936 até 1939, escapando das "gadoupas da morte" do Alzamento fascista e unha guía de turismo cultural e mesmo un filme documental titulado "Afranio", que recentemente foi premiado como mellor documental nos Mestre Mateo.

CARACTERÍSTICAS

A expo consta de 37 paineis divididos en 3 fases vitais de Alonso Ríos: dos en varias fases vitais, que a grandes liñas, relatan:

- 1887-1936: O nacemento en Camporrapado-Cortegada-Silleda, a mocidade, a emigración á Arxentina e o regreso coa instauración da IIª República. Actividade como activista agrario e político galeguista.
- 1936-1939. O ñor Afranio. As peripecias que tivo que pasar fuxindo polos Montes das provincias de Pontevedra e Outense até pasar a Portugal e exiliarse en Arxentina, como esmoleiro chamado o ñor Afranio de Amaral
- 1939-1980. Exilio definitivo en Bos Aires, onde chegará a ser o secretario xeral do Consello de Galiza, auténtico goberno galego no exilio, e o último dos patriarcas do nacionalismo histórico en desaparecer.

DATOS DO DOCUMENTAL

Víctor María Aparicio Abundancia
Victor Coyote, Tui 1958

AFRANIO (2008)

Equipo técnico

Director/a: [Víctor María Aparicio Abundancia](#)
Productor/a: [Micaela Sinde Stompel](#), [Diego Méndez Lamas](#)
Director/a de fotografía: [José Juan Morgade López](#)
Director/a -Xefe de produción: [Diego Méndez Lamas](#)
Montaxe: [Marcos Losada](#)
Maquillaxe/ perruquería: [Raquel Fidalgo Fernández](#)

Equipo artístico

Protagonistas: [Luis Tosar](#)

Produtoras

- [Alén Filmes](#)

Empresas Servizos

- [Claqueta Coqueta S.L.](#)

Vestuario

Outros datos

- **Formato:** Longametraxe
- **Xénero:** Historia e Biografía
- **Modalidade:** Documental
- **Convocatoria:** Producción
- **Formato gravación:** HD
- **Idioma gravación / Rodaxe:** Galego
- **Subvención concedida:** 35.735€
- **Ano de produción:** 2008
- **Ano de subvención:** 2008
- **Data inicio rodaxe:** 16/06/2008
- **Data fin rodaxe:** 30/07/2008
- **Data estrea:** 30/11/2008

Descrición

"Afranio" é unha adaptación para a pantalla da autobiografía de Antón Alonso Ríos "O señor Afranio, ou como me rispei das gadoupas da morte". Un filme transfronteirizo que seguira o periplo da fuxida deste político galego

Argumento

O documental conta o periplo do deputado Alonso Ríos pola ribeira pontevedresa do Miño nos días inmediatamente posteriores ao golpe de estado do 36, os seus inútiles intentos de organizar a resistencia, e a fuxida ao monte cando é avisado de que andan na súa procura para executalo. Posteriormente consegue cruzar a Portugal e fuxir á Arxentina.

Na construción da peza documental utilízanse ficións e recreacións dos feitos do libro, nas que o actor Luis Tosar interpreta o papel do "señor Afranio".

Localización

Tomíño

Observacións

Podes ver o trailer en Flocos.TV: <http://flocos.tv/adianto/afranio-trailer/>

A continuación tendes unhas notas do autor que se prepararan para a Homenaxe Nacional que se levou a cabo na súa casa natal de Camporrapado-Cortegada no pasado mes de setembro:

BIOGRAFIA

Alonso Ríos: Ensino, Terra e Patria

Antón Hipólito Alonso Ríos, fillo de Manuel Alonso e Matilde Ríos, nace no lugar de Camporrapado, parroquia de Cortegada (Silleda), o 15 de agosto de 1887. Axuda nos comercios de ultramarinos dos pais na vila de Silleda até que vai estudar para Compostela na Escola Normal grazas á axuda do trasdezaio Vicente Fraíz Andón, converténdose en profesor auxiliar en Santiago.

Emigración

Aos 20 anos emigra á Arxentina como polisón e alí revalida o título e traballa como mestre na capital e na provincia de Mendoza; alén disto, entra en contacto co mundo societario e colabora na fundación da *Sociedad Hijos de Silleda* en 1908, promotora de tres escolas laicas en Laro, Siador e Escuadro no Concello de Silleda. Casa coa súa veciña Oliva Rodríguez, con quen tivo catro fillos: Oliva, Chamor, Ombú Candán e Celta. Levará de 1919 a 1931 a xerencia da *Sociedad Científica Argentina* e en 1921 participa no congreso fundacional da *Federación de Sociedades Agrarias y Culturales*, do que sairá como director do xornal *El Despertar Gallego*.

República

En 1931 é enviado por esta mesma Federación de Sociedades Galegas como representante da emigración na recién proclamada IIª República para participar na *Asemblea Republicana da Coruña* para o estudo do *Anteproxecto do Estatuto de Galiza*, na que foi unanimemente elixido Presidente. Participa na *assemblea constituínte do Partido Galeguista* en Pontevedra en decembro de 1931, sendo escollido membro do Consello Permanente.

Vivirá en Tomiño, a traballar como director da escola fundada polos emigrantes do Baixo Miño “Aurora del Porvenir” e defenderá os intereses do mundo agrario, sendo membro do *Consello Directivo da Federación Provincial Agraria de Pontevedra*. Nesta mesma etapa, acrecéntase definitivamente a súa conciencia galeguista, forma parte do *Partido Galeguista* e traballa arreo na Campaña Pro Estatuto. Nas eleccións do 16 de febreiro de 1936 é electo con máis de 86.000 votos, Deputado agrario ás Cortes da República integrado na gañadora *Frente Popular*.

Represión: “o Señor Afranio”

Co golpe de Estado militar fascista do 18 de xullo de 1936, participa no comité de defensa da República en Tomiño, organiza a resistencia e sabe da súa persecución por parte dos sublevados, pódolle prezo á súa cabeza por valor de 50.000 pesetas. Produto da intensa represión foxe baixo a aparencia do cidadán portugués “Señor Afranio de Amaral” a través dos montes galegos de Pontevedra e Ourense practicamente por tres anos anos, até que consegue pasar a través da raia pola Serra da Peneda a Portugal (Porto e Lisboa) e de aí a Marrocos (Casablanca), para definitivamente embarcar cara á Arxentina a bordo do *Lípari*.

Exilio

Xa desde mediados de 1939, en Bos Aires, dedícase a colaborar na prensa, na axuda aos refuxiados galegos no exterior a través da *Central Gallega de Ayuda a la República*, a escribir o seu prolífico ideario e coa chegada de Castelao en 1940, á reconstrución do nacionalismo galego, fundando como primeiro presidente a *Irmandade Galega* e a alianza *Galeuzca* con vascos e cataláns en 1941 e o *Consello de Galiza* o 15 de novembro de 1944, auténtico goberno galego no exilio que representaban os deputados galegos que gardaban o legado da vontade popular do pobo galego, do que foi Secretario Xeral, e Castelao, Presidente. Á morte do guieiro no ano cincuenta, Antón ocupa as primeiras funcións do Consello, polo que en outubro de 1945 participa á cabeza da delegación galega na xuntanza das Cortes no exilio en México.

Legado

Nos últimos anos da súa vida, Alonso Ríos foi un activo participante en todas as actividades patrióticas da colectividade galega. Impartirá conferencias, escribirá libros e artigos, destacando nomeadamente, os ensaios “Noite i amañecer de Galiza” (1942), “Co pensamento na Patria Galega” (1942), “Da Saudade, Amore, Arte e Misticismo” (1956), “A Cultura Galega na súa dimensión Americaná” (1961), a novela “Nidia” e o “Tratado da Velocidade”. A súa derradeira obra literaria é “O Señor Afranio ou como me rispei das gadoupas da morte. Memorias dun fuxido”, (1979), crónica autobiográfica na que relata a odisea sufrida pola persecución franquista.

O 12 de outubro de 1980, magoado de espantosa amargura, pon fin á súa vida con 93 anos, partindo con el o derradeiro dos representantes electos do nacionalismo histórico da Galiza da Terra, a Emigración e o Exilio.